



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES NO CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 1.

1. De conformidade co establecido no artigo 59.1 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, LRFL, o Imposto sobre bens inmobles, IBI, é un tributo de imposición obrigatoria esixibel segundo as disposicións do citado texto refundido contidas especialmente nos artigos 60 ao 77.

2. De conformidade co establecido no artigo 15.2 da LRFL o Concello de Redondela acorda a ordenación deste tributo segundo as normas contidas nesta ordenanza fiscal en concordancia co disposto na LRFL e na restante normativa de aplicación.

Artigo 2.

1. O tipo de gravame do IBI queda fixado:

- No 0,40 por cento para os bens de natureza urbana.
- No 0,30 por cento para os bens de natureza rústica.
- No 1,30 por cento para os bens de características especiais.

2. Estabelécese un recargo do 25 por cento da cota líquida do Imposto para tódolos inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, de conformidade coas condicións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 3.

1. Ademais dos bens inmobles indicados no artigo 62.1 e 62.2 do TRLRFL e, ao abeiro do disposto no artigo 62.4 da TRLRFL, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:

- a) Os de natureza urbana, sempre que a cota líquida, sexa inferior a 6,00 euros.
- b) Os de natureza rústica no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no municipio sexa inferior a 6,00 euros.



2. Establécese unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros

Para disfrutar desta exención, será preciso solicitala, acompañando certificado expedido pola Consellería de Sanidade acreditativo de que os bens están afectos ao cumprimento dos fins do centro.

Esta exención manterase no tempo, quedando obrigada a entidade pública competente a comunicar calquera modificación que afecte ás circunstancias que motivaron a concesión da mesma.

Artigo 4.

Ao abeiro do disposto no artigo 74. 2 quáter do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese unha bonificación na cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá os tres períodos impositivos seguintes ao da súa concesión.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Para gozar da bonificación a que se refire este apartado, deberán concorrer os seguintes requisitos:

- Para a aplicación desta bonificación deben concorrer as figuras de suxeito pasivo do imposto e titular da actividade que promova o fomento do emprego.



— A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego, deberá realizarse antes do 31 de xaneiro do período para o que se solicite a bonificación.

— A solicitude deberá acompañarse documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos previstos no presente apartado.

— O inmovible para o que se solicita a bonificación debe estar radicado no termo municipal de Redondela e ha de constituír o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.

— As contratacións deberán supoñer un incremento de persoal. No caso de actividades xa existentes, haberá de xustificarse que nos dous anos anteriores non houbo diminución de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Redondela, ou no caso de existir diminución, esta fose recuperada no momento de solicitar a bonificación. En relación ás contratacións efectuadas polo solicitante da bonificación, haberán de observarse os seguintes extremos:

— As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais.

— Haberá de xustificarse a condición de desempregados nos seis meses anteriores á contratación e a inexistencia de relación laboral coa persoa física ou xurídica contratante durante os doce meses anteriores á data da contratación.

— As contratacións deberán ser por unha xornada mínima de 30 horas semanais.

— As persoas contratadas non deben rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de emprego.

— Os contratos poderán ser:

— Indefinidos: Haberán de selo a xornada completa e manterse, xunto coa media do persoal de traballadores da actividade, polo menos durante un período de dous anos a partir da súa contratación. Considerarase incremento de persoal a consolidación de contratos temporais previamente existentes co compromiso de permanencia anterior.

— Temporais: Haberán de selo por unha duración mínima dun ano. Neste tipo de contratos, como requisitos adicionais dos contratados, haberán de terse en conta os seguintes aspectos:

a) Ser maior de 30 anos, con cargas familiares e non percibir prestación algunha por desemprego.



CONCELLO DE REDONDELA

b) Ser maior de 45 anos, beneficiarios da renda activa de inserción e esgotar as prestacións ordinarias de desemprego.

Para poder gozar da bonificación prevista no presente apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal e nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

O goce definitivo da presente bonificación quedará condicionado, así mesmo, ao compromiso, por parte do titular da actividade, de que non se producirá o peche dos centros de traballo, por traslado a outro termo municipal ou outro Estado, no prazo dos tres anos seguintes á concesión da bonificación.

Así mesmo, a recadación do imposto en período executivo e polo procedemento administrativo de prema, determinará tamén a perda da bonificación que se puido conceder ou aprobar con anterioridade.

O Concello de Redondela comprobará, mediante o previo requirimento da oportuna documentación, que se mantiveron os requisitos esixidos para a bonificación prevista no presente artigo. En caso de incumprimento das mesmas, perderase a bonificación concedida, procedéndose á regularización da situación tributaria.

Aprobación e vixencia.

A presente modificación da ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2022. Comezarase a aplicar o día 1 de xaneiro de 2024 e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 99 do 25.05.1994
- BOP número 245 do 26.12.2000
- BOP número 241 do 15.12.2003
- BOP número 245 do 23.12.2005
- BOP número 247 do 26.12.2007
- BOP número 243 do 18.12.2009
- BOP número 250 do 30.12.2014
- BOP número 245 do 26.12.2016
- BOP número 93 do 15.05.2018
- BOP número 246 do 26.12.2018
- BOP número 22 do 1.02.2023